



Guía Docente						
Datos Identificativos				2011/12		
Asignatura (*)	Deseño de proxectos educativos de 0 a 3 anos		Código	652G01021		
Titulación	GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6		
Idioma	CastelánGalego					
Prerrequisitos						
Departamento	Pedagogía e Didáctica					
Coordinación	Espido Bello, Xosefa Eva	Correo electrónico	eva.espido.bello@udc.es			
Profesorado	Espido Bello, Xosefa Eva García Cabeza, Belen Iglesias Amorin, Fernando	Correo electrónico	eva.espido.bello@udc.es belen.garcia.cabeza@udc.es f.amorin@udc.es			
Web						
Descripción xeral	<p>Esta materia persegue que os futuros docentes de Educación Infantil sexan capaces de analizar os deseños curriculares, modelos e prácticas desenvolvidas para o primeiro ciclo de Educación Infantil.</p> <p>Pretende que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para deseñar e avaliar proxectos educativos que potencien prácticas críticas comprometidas co desenvolvemento, non só da infancia, senón tamén de todas as persoas implicadas nas institucións onde se van desenvolver.</p>					

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A3	Coñecer os fundamentos de atención temperá.
A5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.
A6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
A10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións más relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudiante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.
A28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
A30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B9	Autonomía na aprendizaxe.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.



B13	Capacidade para actuar de maneira sustentable na defensa do medio ambiente.
B14	Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Analizar os antecedentes da educación infantil, os seus principios, finalidades e funcións.	A3 A13	B1 B3 B5 B7 B9 B10 B11 B17 B22 B24	C4 C6
Coñecer o contexto social e a súa incidencia no desenvolvemento da educación de 0 a 3 anos.	A3 A10 A13 A21	B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10 B16 B17 B24	C4 C6
Sensibilizarse acerca do carácter educativo do ciclo 0-3.	A3 A13	B1 B3 B6 B7 B9 B10 B11 B14 B17	C4 C6 C8



Coñecer as modalidades na de atención á infancia e os seus criterios de calidade.	A5 A13	B3 B9 B10 B11 B17 B22 B24	C6 C7 C8
Coñecer o marco lexislativo e os niveis de concreción do currículum na educación infantil e a súa concreción no ciclo 0-3.	A3 A13	B3 B6 B9 B10	C4 C6 C8
Asumir a necesidade de elaborar proxectos educativos contextualizados e analizar o papel que xogan as editoriais na configuración do currículum.	A6 A13 A21 A28	B2 B3 B6 B10 B17 B22	C4 C6 C7 C8
Revisar e analizar os principais modelos de atención educativa na etapa de educación infantil e a súa concreción no ciclo 0-3.	A3 A13 A21 A28	B2 B3 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B16 B17 B24	C4 C6 C7 C8
Analizar proxectos e actividades que se están desenvolvendo no ciclo 0-3 tomando en consideración os principios dos modelos más relevantes empregados na educación infantil.	A3 A5 A6 A10 A23 A28 A30	B2 B3 B5 B6 B7 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 B24	C4 C6 C7 C8



Deseñar propostas educativas para o ciclo 0-3 tomando en consideración os modelos e os proxectos analizados.	A3 A5 A6 A10 A13 A21 A23 A30	B1 B2 B7 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B17 B22 B24	C4
Coñecer o perfil dos profesionais que traballan na educación infantil, atendendo a súa tipoloxía, formación, dimensión de xénero, etc.		A6 A13 A23	B3 B10 B17 B22 B24
Analizar a formación inicial e permanente dos profesionais e a súa incidencia no desenvolvemento profesional e na mellora da calidade da educación proporcionada no ciclo 0-3.		A13 A21 A23	B5 B9 B10 B11 B14 B15 B16

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Escolaridade no ciclo 0-3 anos, sociedade, familia e igualdade de oportunidades.	
3. Modelos de atención educativa en 0-3 anos: discusións críticas.	
2. O currículum no primeiro ciclo de Educación Infantil.	
4. Proxectos educativos 0-3 anos, participación, evaluación e innovación.	
5. Formación docente, investigación sobre a práctica, discusións críticas e cambio educativo no primeiro ciclo de Educación Infantil.	

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / trabalho autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	28	49
Discusión dirixida	10	21	31
Traballos tutelados	10	40	50
Proba mixta	2	16	18
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	<p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construcción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>
Discusión dirixida	Mediante esta metodoloxía abordaranse diversos temas orientados a que o alumno reflexione sobre a importancia da educación infantil para o benestar social e a promoción da igualdade de oportunidades, co obxecto de favorecer a construcción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa.
Traballos tutelados	<p>En torno aos diferentes temas proporase a realización de traballos de grupo. Estas actividades iniciaránse na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos.</p> <p>Para a realización destes traballos tomáranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.</p>
Proba mixta	A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados mediante as diferentes metodoloxías de traballo empregadas no desenvolvemento da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado da materia.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	<p>Para avaliar os traballos teránse en conta os seguintes aspectos:</p> <p>ELABORACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none">- Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical.- Contido: Comprensión de ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas no tratamento dos contidos ao longo do cuatrimestre e relacións entre eles. <p>EXPOSICIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none">- Relevancia e organización dos contidos expostos.- Coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes).- Nivel de comprensión dos contidos básicos.- Claridade expositiva.	40
Proba mixta	A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.	60

Observacións avaliación



A avaliación contempla dúas opcións:
Opción A. Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de clase (asistencia mínima do 80%):
a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (40%).
b) Un exame escrito sobre os contidos da materia (60%).

Opción B. Para o alumnado que non asiste/participa nas actividades de clase (asistencia inferior ao 80%):
a) Elaboración e presentación individual dos traballos (40%).
b) Un exame escrito sobre os contidos da materia (60%).

- Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados e proba mista). - O traballo tutelado presentarase antes da data do exame oficial (para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentados os traballos).

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías